

**Decreto.**

Á vista da necesidade por tratarse dun fin institucional propio do Concello de contratar a xestión das actividades extra escolares musicais para o curso académico 2020-2021, con posibilidade de prórroga para o curso 2021/2022.

A necesidade que se trata de satisfacer é a organización e impartición das actividades extra escolares de carácter musical que tradicionalmente se realizan polo Concello ao carecer o mesmo de medios persoais.

Vista a insuficiencia de medios persoais para a prestación de servizos das escolas musicais comprendidos polas seguintes actividades: Música e movemento, clarinete, conxunto coral, saxofón, fruta travesera, percusión, guitarra e canto.

Visto que por providencia desta alcaldía dispúxose iniciar o expediente para a contratación sinalada, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto no art. 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares asinado por esta alcaldía e o prego de prescricións técnicas asinado polo director da escola municipal de música Magariños, que se incorporaron ao expediente e que han rexer na adxudicación do contrato.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 117 da LCSP, **resolvo:**

**1º)** Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto do contrato de servizos de escolas musicais 2020-2021, ao abeiro do establecido no artigo 156 da LCSP, coa intervención preceptiva da Mesa de Contratación Permanente do Concello.

**2º)** Autorizar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación 334.22717 do vixente orzamento onde existe retido crédito por intervención, adoptando o compromiso de consignar nos orzamentos de 2021 e 2022 os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados desta contratación.

**3º)** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos que constan no expediente.

**4º)** Realizar a licitación mediante publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público, debendo presentarse as ofertas de xeito exclusivamente electrónico a través desa plataforma.